A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Tomar coñecemento do acordo da Xunta Electoral de Galicia do 24 de maio de 2018 polo que se proclama deputado electo da Cámara galega a D. Jesús Miguel Prado Patiño, candidato do Partido Popular nas eleccións autonómicas de 2016 pola circunscrición electoral da Coruña, con efectos xurídicos e económicos desde o 24 de maio de 2018.

2º. Tomar coñecemento da credencial expedida polo citado órgano da Administración electoral.

3º. Comunicarlles este acordo á Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e aos servizos de Tecnoloxías da Información e de Asistencia Parlamentaria e ao Servizo de Publicacións.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

2.2.6. Composición da Mesa das comisións

Elección da secretaria da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 25 de maio de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Elección de secretaria da comisión

- (10/CEEM-000034)

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Elección da secretaría da Comisión

Dona Julia Torregrosa Sañudo, do G. P. de En Marea

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

Á Mesa do Parlamento

Os **Grupos Parlamentares de En Marea, dos Socialistas de Galicia** e do **Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno** do **presidente da Xunta de Galicia** para informar das consecuencias para Galicia da sentenza da trama Gürtel.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Portavoz do G.P. de En Marea
Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 25/05/2018 13:48:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/05/2018 13:50:52

Ana Pontón Mondelo na data 28/05/2018 09:47:24



XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

29 MAI. 2018

Núm. 31528

galicia



Solicitolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Política Social para informar “das políticas de apoio ás familias e á conciliación”.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Añadido por: GARCIA, SEÑORÍANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Dirección Xeral
Data e Hora: 28/05/2018 09:20:35

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE: 0001/0001
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



**XUNTA DE GALICIA**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA****29 MAI. 2018**Núm. 31529**galicia**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS**29 MAI. 2018****SAIDA**Núm. 178

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- da conselleira do Mar para informar "das demandas propostas por Galicia en relación á reformulación do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, coñecido como o FEMP, e os traballos levados a cabo para a súa consecución".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCÍA-SENORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 28/05/2018 11:34:28

Presidente do Parlamento de Galicia

CVE: Jz7t-IGKng1
Verificador: <https://sede.xunta.gal/cve>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

23 MAI. 2018

Núm. 31294

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

23 MAI. 2018

SAIDA

Num. 34

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo -da directora da Axencia de Turismo de Galicia- para informar sobre o "**Balance de Turismo Rural 2017**".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA, SENORANS ALVAREZ, BLANCA
Código: 01000000000000000000000000000000
Data e hora: 23/05/2018 14:08:49

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Verificación: <https://sede.xunta.gal/ove>





Á Mesa do Parlamento

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

Dende o ano 2011 as contas da Seguridade Social presentan un déficit entre ingresos por cotización e pago de pensións e outras prestacións o seu cargo.

Agora ben, este déficit non se debe a un exceso do gasto senón a insuficiencia dos ingresos. O gasto da Seguridade Social incrementouse en Galicia o 2,5% de media anual dende 2013, porcentaxe no que está incluído tanto o aumento no número de pensionistas como o incremento das pensións, tanto a revalorización de todas elas como o incremento das novas altas no sistema.

Esa cifra sería perfectamente financiable se os ingresos evolucionaran como deberían de facelo na fase alcista do ciclo económico iniciada en 2014. Segundo o IGE, o PIB nominal medrou o 2,9% en media anual entre 2014 e 2017.

Poren, os ingresos por cotizacións en Galicia de 2017 é inferior á cifra de 2013, un dato sorprendente e, dende logo, moi negativo.

En 2013 a Seguridade Social recadou en Galicia 4.742 millóns de euros en cotizacións. En 2017 a recadación foi de 4.153 millóns de euros. Isto é, nos catro anos da fase alcista do ciclo os ingresos da Seguridade Social caeron en 589 millóns de euros, equivalente a un retroceso do 11%.

Esta caída da recadación dáse ao mesmo tempo que se incrementa o número de cotizantes que se incrementan en media anual o 1,4%, unha cifra modesta, por



debaixo do crecemento económico e da media do estado, pero positiva en todo caso.

Se hai máis cotizantes porque hai menos ingresos? Por dous motivos. O primeiro e fundamental é a precariedade laboral e a devaluación salarial. O aumento do emprego temporal, do traballo a tempo parcial, o maior peso da ocupación en actividades de baixo valor engadido, a devaluación salarial, o aumento dos denominados traballadores pobres provoca unha caída dos salarios e, polo tanto, das bases de cotización e con elo dos ingresos da Seguridade Social.

En segundo lugar, a Seguridade Social é a que soporta o custe das políticas de emprego centradas na redución das cotizacións, tanto nas tarifas planas de autónomos como as destinadas ás persoas afiliadas ao réxime xeral.

O resultado combinando estes dous factores ten consecuencias demoledoras sobre o equilibrio financeiro do sistema.

En 2014 cada afiliado do sistema cotizaba de media 5.140 euros ao ano. En 2017 a cotización media é de tan só 4.248, isto é, case 900 euros menos que catro anos antes, o que supón unha redución do 17% desde 2014.

Peores salarios que determinan bases de cotización máis baixas e as bonificacións e tarifas planas provocan esta caída dos ingresos que ten un custe recaudatorio próximo aos 1.000 millóns de euros en 2017.

O resultado é un agravamento do déficit que historicamente ten a Seguridade Social en Galicia, porque dende fai anos os ingresos por cotización non cobren o gasto en pensións, situación de déficit que en 2017 comparten todas as CCAA do Estado.

No ano 2014 a diferenza entre ingresos e gastos da Seguridade Social en Galicia foi de 3.342 millóns de euros, unha cifra xa elevada pero que se dispara dende entón ata chegar a 4.522 millóns de euros en 2017.



Polo tanto, o déficit empeora en 1.180 millóns de euros na fase alcista do ciclo, unha cifra equivalente a un incremento do 35%.

Esta cifra vén a poñer de evidencia dúas cuestións moi relevantes. A primeira é a baixa calidade do emprego que se está xerando na fase alcista do ciclo económico: traballo temporal, en xornada parcial e baixos salarios.

A segunda é a falsidade do discurso que basta co aumento do número de ocupados para resolver o desequilibrio das contas da Seguridade Social.

Pero non é así, con emprego precario, con traballadores pobres non é posible financiar un estado do benestar digno dese nome.

Ante esta preocupante situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- 1.) É coñecedora a Xunta de Galicia deste grave incremento do desequilibrio entre ingresos e gastos da Seguridade Social en Galicia?
- 2.) Cales son en opinión da Xunta as razóns que están detrás do agravamento deste desequilibrio?
- 3.) Pensa a Xunta que o aumento na afiliación vai corrixir o desequilibrio por si mesmo ou que haberá que actuar sobre outros factores?
- 4.) Considera a Xunta que os baixos salarios, e polo tanto as baixas bases de cotización, son unha das razóns do desequilibrio?
- 5.) Se é así, que ten pensado facer para combater esta situación?
- 6.) Considera a Xunta de Galicia que a política de bonificacións na cotización e as tarifas planas están reducindo a recadación?



7.) Se é así, non lle parecer máis axeitado financiar as políticas de incentivación ao emprego a través do orzamento xeral do Estado e non a conta do desequilibrio da Seguridade Social?

8.) Por último, a Xunta resignase a que Galicia siga tendo un desequilibrio entre os ingresos e os gastos da Seguridade Social de forma indefinida?

9.) Se non é así, que plans de actuación pensa levar a cabo para que melloren os ingresos?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 16/05/2018 18:50:58

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

Nas análises de conxuntura sobre a economía dun territorio a variable central de estudio é o crecemento económico medido a través da variación do PIB.

A taxa de variación do PIB é un dato fundamental, porque a cifra de produción de bens e servizos constitúe a variable coa que se referencia o resto, porque máis alá do seu valor absoluto a forma de medir a maioría dos parámetros económicos e en termos relativos comparados co PIB.

Dispoñer dunha estimación críbel do PIB é básico, porque determina o resto das análises macroeconómicas. Por iso é moi preocupante as diferencias que de forma habitual existen entre as estimacións que realiza o Instituto Nacional de Estatística e o Instituto Galego de Estatística, unha situación que alcanza a súa máxima distorsión na fase alcista do ciclo iniciado en 2014.

Segundo o IGE o PIB de Galicia medrou o 1,3% en 2014, o 2,4% en 2015 e o 3,1% en 2016, o que supón unha cifra acumulada do 6,9% no período 2014/2016. Á súa vez o INE di que o incremento foi do 0,6% en 2014, do 4,2% en 2015 e do 3,6% en 2016, isto é, un 8,6% acumulado % no período 2014/2016.

Como se ve as diferenzas son enormes, tanto no acumulado como, sobre todo, en cada exercicio.



En termos acumulados, a diferenza é de 1,7 puntos, o que equivale a máis de 1.000 millóns de euros de diferenza, unha cifra nada desprezable de produción de riqueza en só tres exercicios.

Pero as grandes diferenzas danse cando se analiza cada exercicio por separado, porque de algunha forma ambas institucións acaban compensando as diferencias ao longo do período.

En 2014 a estimación do IGE, o 1,3%, é o dobre que a do INE, que deixa en 0,6% o incremento do PIB dese ano.

En 2015 é ao revés, o IGE di que a economía galega medrou o 2,4% mentres que o INE eleva ata un 4,2% o incremento.

Por último en 2016 a diferenza redúcese a 0,5 puntos ata coincidir en 2017.

A estimación do PIB é iso, unha estimación e non unha medición, e por iso entra dentro da lóxica que se produzan lixeiras desviacións cando son dous os institutos de estatística os que realizan as estimacións.

Pero as diferenzas no período 2014/2015 non entran dentro desta categoría de desviación comprensibles. As diferenzas son de tal dimensión que distorsionan as análises económicas. Non é un debate de técnica estatística nin académico, e mesmo vai máis alá do debate político.

Existe un problema de confianza de credibilidade, de incertidume ante cifras tan diferentes que poden chegar a cuestionar a validez dos mesmos, perdendo calidade para servir de referencia sólida para a toma de decisións, tanto publicas como privadas.

A partir destes datos, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Interpelación:



- 1.) Como explica a Xunta de Galicia que exista esta diferenza tan elevada entre as estimacións do IGE e as do INE?
- 2.) Cales son as cifras que utiliza a Xunta de Galicia, os do IGE ou os do INE?
- 3.) Canto medrou a economía galega entre 2014 e 2017?
- 4.) Existe un mecanismo de colaboración entre o IGE e o INE para a estimación do crecemento do PIB e outras variables macroeconómicas relevantes?
- 5.) Para a elaboración do cadro macroeconómico do orzamento que fonte utiliza a Xunta, o IGE ou o INE?
- 6.) Quen ten razón, o IGE ou o INE?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 16/05/2018 18:48:36

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A Xunta de Galicia anunciou que 20 concellos galegos non presentaran as contas correspondentes ao exercicio pechado 2016 o órgano fiscalizador, o Consello de Contas de Galicia, feito polo que quedarán fóra das convocatorias de axudas ou subvencións convocadas pola Xunta de Galicia.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan interpelean o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Fixo o Goberno galego algunha xestión para comprobar as causas polas que eses vinte concellos non presentaron as contas?

2ª) Vai poñer o Goberno galego a disposición destes concellos medios para que poidan cumprir coas súas obrigas de xeito que non perdan as axudas ou subvencións que tanto precisan para poder atender as necesidades da súa cidadanía?

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/05/2018 15:59:22

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/05/2018 15:59:29

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

Os equipos de valoración e orientación para a discapacidade (EVO) son equipos multidisciplinares compostos por persoal de perfil médico, psicolóxico e de traballo social, así como de persoal administrativo especializado, encargados de valorar e cualificar o grao de discapacidade das persoas que o soliciten. Dependentes das Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social, sitúanse na Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

A situación a nivel xeral é de atrasos de meses na tramitación de ditas valoracións do grao de discapacidade, malia que a normativa sinala que non se deben superar os tres meses, sendo especialmente grave a situación da sección dos EVO de Pontevedra, que acumula milleiros de expedientes en tramitación.

Se cada ano entran case uns 5000 expedientes novos nos EVO de Pontevedra e os 3 equipos existentes só poden sacar, cando están a pleno rendemento, uns 3000 ao ano, a acumulación de expedientes é inasumible sen que se aumenten equipos de xeito estrutural.

A sección de Pontevedra precisa unha solución estrutural, pois os atrasos nas valoracións sitúanse en 3 anos, de xeito ordinario, e superan o ano para os casos urxentes. A Orde de 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes establece unha serie de prioridades á hora da valoración (artigo 16. 2.), pero nin sequera nestes



casos máis urxentes (valoración de menores de idade, maiores de 90 anos, casos de acceso ao emprego, violencia de xénero, etc) se consegue reducir a lista de agarda por debaixo do ano.

A tardanza na resolución sobre o grao de discapacidade mantén durante meses a persoas sen poder ter os dereitos que lle corresponden, en distintos eidos. Non ter o recoñecemento de discapacidade fai que durante o tempo de agarda se deixe de gozar de dereitos, algúns dos cales son irrecuperables, como o feito de que nenos e nenas con discapacidade non poidan acceder a becas para tratamentos ata ter recoñecida oficialmente a discapacidade. Nestes casos, as familias que non podan pagar os tratamentos sen ter a beca ven atrasado o proceso de tratamento da súa crianza, cando a atención temperá é fundamental para a infancia con diversidade funcionais. Tamén se producen ano tras ano casos de falecemento de persoas anciás antes de serlles valorado o grao de discapacidade.

Esta situación de atrasos foi negada pola Xunta e polo PP, que rexeitou no Parlamento de Galicia propostas para aumentar as equipas de valoración e orientación da discapacidade. Finalmente, a Xunta vén de admitir as inxustificables listas de agarda, sinalando que o tempo medio de agarda supera o ano en Vigo e Pontevedra.

Estas circunstancias supoñen un incumprimento da normativa a respecto da discapacidade e, concretamente, no que se refire á axilidade e eficacia dos procedementos no recoñecemento do grao de discapacidade (obxectivos para os que se publica a Orde de 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes), así como un trato desigual entre as persoas dos concellos que teñen como referencia o Servizo de Valoración de Discapacidade de Pontevedra con respecto ás do resto de Galiza que, con todo, tamén sofren unha demora inxustificábel.

Como sucede noutros servizos públicos afectados polos recortes, son as persoas profesionais dos EVO quen suplen á Administración, asumindo unha inhumana carga de traballo e sufrindo a realidade de ver día a día persoas que non poden acceder a dereitos que lles corresponden, padecendo a situación de ver xente que morre sen ter recoñecido o grao de discapacidade que ten. É unha situación inhumana para a cidadanía e para o persoal.

Para responder á grave situación o Parlamento aprobou instar á Xunta a crear novos EVO e a Xunta anunciou no Consello da Xunta do 18 de maio a creación, no mes de xuño, de 14 equipos que serán contratados de xeito temporal, por seis meses, seis dos cales estarán na sección de Pontevedra, 4 en Vigo, 1 na Coruña, 1 en Ferrol, 1 en Lugo e 1 en Ourense.

As equipas de reforzo anunciadas serán temporais, cunha duración de seis meses. Esta suposta solución non é máis ca un parche e a súa ineficacia xa foi demostrada pois, de cando en vez, a Xunta fai contratos por acumulo de tarefas, situacións temporais que non resoven o problema estrutural. A valoración da discapacidade é un proceso complexo e interdisciplinar, que require de formación práctica das equipas, co cal, parte do tempo dos contratos temporais se precisa para irse formando na práctica. Ademais, o persoal administrativo tamén precisa unha formación especializada, que só se adquire coa práctica.

O convenio co Sergas para as valoracións, aplicado de xeito piloto na sección de Pontevedra, tampouco resolveu nada: os atrasos seguíronse acumulando, pois só se axiliza a parte médica, cando a valoración da discapacidade é multidisciplinar e complexa.

Polo exposto, preséntanse a seguinte Interpelación:



1. Cando se vai materializar o anuncio do Consello da Xunta do 18 de maio de 2018 en relación á valoración da discapacidade?
2. Considera a Xunta que contratar novas equipas de orientación e valoración da discapacidade por 6 meses revolve o problema estrutural de atrasos nos expedientes de valoración da discapacidade na provincia de Pontevedra?
3. Non considera a Xunta que é inxustificable non ter reforzado estruturalmente os EVO?
4. Vai a Xunta cubrir as baixas, permisos ou vacacións do persoal dos EVO de xeito regular?
5. Ten intención a Xunta de contratar, canto menos, dous novos equipos estables para a sección dos EVO de Pontevedra?
6. Como valora a Xunta o funcionamento do convenio dos EVO co Sergas para a axilización de expedientes de valoración da discapacidade?
7. Vai a Xunta simplificar a solicitude de valoración do grao de discapacidade, que é a máis complexa de todo o Estado español?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 21/05/2018 10:29:05

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O día 6 de xuño de 2017 foi debatida no Pleno una moción do Grupo Parlamentario Socialista consecuencia dunha interpelación sobre as incertezas que o novo sistema de acceso á Universidade provocaba.

Na dita moción propoñíase que a Xunta de Galicia se dirixise ao Goberno do Estado coa finalidade de que, á maior brevidade posible, se ditase a normativa precisa que superase o marco establecido pola Orde ECD/1941/2016, do 22 de decembro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2016/2017, de xeito que se dotase o sistema educativo dunha normativa estable ata que se acaden os obxectivos desexables no Pacto de Estado Social e Político pola Educación e se ditase a normativa de desenvolvemento derivada do dito pacto.

Esta moción foi rexeitada cos votos en contra do Grupo Parlamentario Popular, fundamentados en que a seriedade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria era garante de que non existía nin existiría ningún problema, engadindo a acusación habitual de que a oposición parlamentaria sementa temores infundados na poboación en calquera ámbito, coas súas actuacións políticas.

Pese a toda a suposta estabilidade normativa e a obvia claridade procedemental que dela se derivaría, acabamos de coñecer un novo caso que evidencia a inseguridade que a norma provoca.

Así, un colectivo de alumnos (poucos ou moitos, isto é irrelevante) veranse obrigados a realizar as probas da Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU) no mes de xuño cando ata hai poucos días tiñan información contraria; a proba disto é que a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) ten publicado na súa páxina web un aviso urxente para o alumnado afectado pola disposición transitoria da Orde ECD/1941/2016, na que dá coñecemento público da distinta interpretación que, sobre a aplicabilidade do disposto nesa disposición transitoria, existía entre responsables autonómicos e ministeriais.

Grupo Parlamentario

A relevancia desta discrepancia transcende con moito o anecdótico, e isto demóstrase con contundencia con dous feitos escritos:

1º.- O correo electrónico da *Subdirección General de Ordenación Académica* do *Ministerio de Educación, Cultura e Deporte* do 11 de maio de 2018 di “*Ateniéndonos al literal de la norma, y como ya hemos comentado en otra ocasión, se comprueba que la disposición solo se refiere al curso 2016-2017 y que en este curso ya no es de aplicación*”.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo tanto, a discrepancia suscitada xa fora tratada con anterioridade, se ben non se traslada aos afectados ata o 14 de maio.

2º.- Con respecto a este mesmo asunto, e acudindo o informe do Valedor do Pobo do ano 2017, na páxina 175 e seguintes e sobre a situación do alumnado procedente do plan LOE, atopamos que sobre esta mesma Orde ECD/1941/2016 un informe remitido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria indicou que o alumnado que se atopase nestas circunstancias e desexase acceder á universidade podería optar por non se presentar á proba e utilizar a súa nota media de bacharelato ou por presentarse a ABAU, tanto na fase obrigatoria e voluntaria como só na fase voluntaria. Neste último caso, o informe sinalou que o alumnado que optase por realizar a fase obrigatoria da ABAU e non a superase, mantería as súas posibilidades de acceso aos estudos universitarios oficiais coa nota media de bacharelato.

Por iso o deputado e a deputada que asinan interpelean o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Seguen considerando os responsables da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que a normativa existente non ofrecía incertezas na súa aplicación?

2ª) Cantos alumnos e alumnas afectados hai?

3ª) Cren os responsables da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que o alumnado afectado ten menos dereito a un marco estable que o resto?

4ª) Considera o Goberno da Xunta de Galicia que existe algún tipo de responsabilidade nos feitos expostos por parte da propia Consellería de Cultura, Educación e Ordenación



Grupo Parlamentario

Universitaria, se así o consideran, pensan adoptar algunha medida os responsables da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para delimitar responsabilidades?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/05/2018 12:19:00

Maria de la Concepción Burgo López na data 22/05/2018 12:19:16



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte INTERPELACIÓN.

A pesares das múltiples evidencias que as fórmulas de colaboración público-privadas na posta en marcha de centros hospitalarios, teñen pésimos resultados e elevados custos para o conxunto da sociedade, o Goberno de Feijóo decidiu realizar este tipo de xestión para o Novo Hospital de Vigo.

O modelo PFI tradúcese nunha ineficiente xestión privada do mantemento, provisión enerxética e servizos do centro, con consecuencias negativas para os servizos privatizados como o da cociña, lavandaría, mantemento...

Esta semana, coñecíamos as denuncias que están a facer dende o Hospital en relación a situación coas bolsas da roupa sucia, circunstancia da que xa se teñen queixado en outras ocasións e que está a ocasionar conflitos laborais.

En primeiro lugar encomendouse ao persoal de limpeza, que denunciaron que dita labor non viña recollida no prego de condicións e que ademais restáballes tempo para o aseo doutras zonas, tendo en conta a plantilla de mínimos na que se atopan.

Agora, a labor acaba de ser encomendada a Auxiliares de enfermería por orde da Dirección do complexo hospitalario, pero a Comisión de Centro de Atención Especializada, denuncia que estas función non son propias da súa categoría e non se atopan incluídas no Estatuto, concorrendo unha situación parecida á do persoal de limpeza en tanto que teñen que deixar outras tarefas como a propia atención a



pacientes e tendo en conta que se trata dun colectivo que xa de por si sofre unha excesiva carga de traballo por mor dos recortes.

Os PCAP do contrato do Novo Hospital de Vigo contempla varias figuras que permiten á Xunta de Galicia velar polo correcto cumprimento dos servizos dos que se ten que facer cargo o concesionario así como da correcta execución dos mesmos, tanto mediante a Comisión Mixta de Seguimento á que se lle encomenda entre outras función a de “supervisar a execución ordinaria da prestación de servizos por parte do concesionario”, ou mediante persoa que a Administración designe como representante no Consello de Administración, á que os PCAP outórganlle as función de “vixilancia no cumprimento das obrigas do concesionario e cantas función de certificación e informe sexan necesarias. En particular, examinará e comprobará os libros e contas da citada sociedade e inspeccionará, no seu caso, todas as instalacións e servizos”.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte INTERPELACIÓN:

- Cales son os informes da Comisión Mixta de Seguimento en relación a execución ordinaria da prestación de servizos por parte do concesionario?
- Que papel está a xogar a persoa que representa a Administración no Consello de Administración en canto a trasladar as situación precarias nas que se atopan os servizos privatizados?
- Que pensa facer o Goberno ante este conflito coa roupa sucia?
- Dende cando ten coñecemento o Goberno desta situación?
- Vai a Xunta de Galicia seguir beneficiando o lucro da concesionaria a costa do orzamento público e o sobreesforzo do persoal?



- Ten pensado a Xunta de Galicia rectificar na súa decisión de apostar pola fórmula de colaboración público-privada na sanidade, tendo en conta as múltiples eivas e pésimos resultados para o interese xeral?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 22/05/2018 14:21:51

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, relativa ás enganosas ofertas aos consumidores para contratar ou pasarse ao mercado libre da electricidade nos fogares.

Nos últimos anos están a producirse agresivas campañas de publicidade tanto en medios como mediante chamadas telefónicas e visitas domiciliarias por parte das principais comercializadoras que operan no mercado libre da electricidade. O obxectivo é conseguir que os consumidores renuncien á tarifa PVPC (Prezo Voluntario para o Pequeno Consumidor) pasándose ao mercado libre, habitualmente con ofertas enganosas de tarifas que na inmensa maioría dos casos vanlles a implicar sobrecustos e renuncia a posibles dereitos como o Bono Social. E o máis grave é que na maioría dos casos o consumidor non é consciente do que está a asinar.

Algúns dos usuarios serían conscientes de que contrataron a luz cunha comercializadora do mercado libre, pero a maioría cámbianse, ou cámbiannos, sen sabelo, como denuncian as organizacións de consumidores.

A CNMC realiza cada seis meses unha enquisa entre os consumidores para examinalos. E a última, de novembro pasado, revela que o 44 % dos consultados non sabían que tipo de tarifa eléctrica tiñan contratada, e un cuarto deles tampouco coñecían que potencia eléctrica tiñan dispoñible no fogar.

A CNMC tamén constatou estas prácticas de engano e hai un ano comunicou unha multa de 155.000 euros a Gas Natural Fenosa, Iberdrola, Endesa e Viesgo por cambiar o contrato de varios clientes para pasalos ao mercado libre sen o seu consentimento expreso.

En Marea xa rexistrou fai un ano unha Proposición non de lei similar, pero a situación en vez de ser corrixida estase a agravar de maneira intolerable.

A última campaña das eléctricas do oligopolio para tentar pasar masivamente a clientes ao mercado libre foi no pasado mes de Marzo de 2018 cunha carta a todos os seus clientes na que lles comunicaban a finalización no mes de abril do antigo Bono Social e que se non era renovado nesas datas perderíano. Tamén avisaban de que moitas persoas, ao cambiar as condicións do Bono Social, xa non terían dereito a el. Non avisaron con tanta dilixencia da ampliación do prazo ao mes de outubro, ante o fracaso do Goberno, que ao non comunicalo axeitadamente aos consumidores fixo que só un 5% dos beneficiarios solicitara a renovación na data límite.

Ante esta ameaza de perda do Bono Social, as compañías propoñían na mesma carta a recomendación de pasarse ao mercado libre e enganosamente parecían suxerir que lles permitiría manter unha tarifa reducida.

Polo contrario a realidade, despois dun estudo feito por En Marea, é que na maioría dos casos as persoas en PVPC no mes de marzo estaban a pagar unha media de 0,115 €/kwh e no mercado libre a 0,155 €/kwh, e incluso máis. É dicir un incremento do 35% na parte de enerxía do recibo.

Por outra banda as compañías poñen moitas dificultades e non informan axeitadamente para a contratación da tarifa PVPC con discriminación horaria, que favorecería a máis do 50% dos fogares.

Na inmensa maioría dos casos ter un contrato no mercado libre non sae a conta e é máis barata a tarifa regulada. Con todo, moitos usuarios déixanse conquistar polos descontos que prometen as compañías do negocio libre durante o primeiro ano, que a partir do segundo se converten en subidas enmascaradas. Ademais,



outro tipo de ofertas ofrecen a oportunidade de abonar un prezo fixo cada mes, pero esa estabilidade págase e a factura engorda ao final de ano.

Ademais ao pasar ao mercado libre aos consumidores as comercializadoras eluden as normativas do regulado polo Ministerio de Enerxía e pactan directamente co cliente prezos e condicións do contrato.

Desta maneira eluden e anulan dereitos dos consumidores que se inclúen na tarifa PVPC dos que en moitos casos as persoas que cambian o contrato non son conscientes e que nunca lles son advertidos. Entre outros podemos citar:

- Regulación sobre os cortes de subministración por falta de pagamento de facturas. No PVPC, as comercializadoras deben dar unha marxe de tempo de ata catro meses aos clientes nesa situación antes de deixalos sen luz. No libre, a interrupción pode ser instantánea.
- No regulado tamén se ofrece a posibilidade de acollerse ao bono social, que non existe no outro. No libre non é posible acollerse ao bono social.

Ata hai pouco tempo a inmensa maioría de consumidores galegos estaban na tarifa PVPC, pero as agresivas e enganosas campañas mencionadas están a reverter esta situación, o que constitúe unha estafa de enormes magnitudes. Mesmo se dá o caso de que en novas contratacións nin sequera se ofrece ao consumidor a posibilidade de contratar a PVPC e, moito menos, a PVPC con discriminación horaria. É verdade que a tarifa de libre mercado podería ser vantaxosa para algúns fogares, pero son os mínimos e con condicións moi especiais.

A situación actual é a seguinte:

- Gas Natural Fenosa: 1.100.000 abonados en PVPC e 300.000 en mercado libre.
- Iberdrola: 3.000 abonados en PVPC e 94.000 en mercado libre.



- Viesgo: 37.000 abonados en PVPC e 54.500 en mercado libre.
- Endesa: 1.600 abonados en PVPC e 68.200 en mercado libre.

É dicir un total en Galicia de 516.700 consumidores no mercado libre.

Estimamos que ao 90% deles non lles compensa estar nesta tarifa, que lles supón, como mínimo, entre 100 e 200 € máis de custo anual polo seu consumo eléctrico, ademais de renunciar aos dereitos xa comentados.

Estas hipóteses levaríannos a estimar que a estafa que se está producindo supón un custo extra para as cidadás e cidadáns de entre 25,8 e 51,6 M€ ao ano.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que intervir de maneira urxente para dar resposta a esta agresión económica e de dereitos á cidadanía e poñer os medios para impedila.

A este fin, En Marea presenta a seguinte **Interpelación**:

- 1.- Está a Xunta de Galicia a promover campañas de información a través da Dirección Xeral de Comercio que advirta aos consumidores das prácticas que están a desenvolver as compañías distribuidoras de electricidade para trasladar aos seus clientes ao mercado libre?
- 2.- Proponse a Xunta de Galicia establecer puntos de información en todas as cidades e cabeceiras de comarca de Galicia, en coordinación cos concellos, nos que as cidadáns podan ser asesoradas por expertos sobre a mellor tarifa e potencia contratada para o seu caso particular?
- 3.- Proponse a Xunta de Galicia esixirlle ás compañías comercializadoras que informen aos usuarios do custo anual da enerxía, coas promocións e unha vez rematadas as promocións, segundo o novo contrato que lles ofrezan en función do consumido o ano anterior, e lles fagan unha comparativa co que pagaron estando no PVPC?



4.- Proponse a Xunta de Galicia esixir ás compañías comercializadoras a necesidade de informar aos consumidores dos dereitos aos que renuncian en caso de pasar a súa tarifa ao mercado libre?

5.- Proponse a Xunta de Galicia esixir ás compañías comercializadoras aportar aos seus clientes información clara e comprensible sobre as posibles vantaxes de estar na PVPC con discriminación horaria?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 23/05/2018 16:00:19



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 11:03
Nº Rexistro: 31304
Data envío: 24/05/2018 11:03:21.848

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

O sistema de interrompibilidade vén sufrindo nos dous últimos anos diferentes modificacións do seu desenvolvemento de cara a adaptarse ás esixencias do marco europeo. As modificacións da anterior regulación do mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade ten espertado as alertas na industria electrointensiva e abre diferentes dúbidas sobre como poderá afectar á industria situada no noso país, xa que muda de forma importante o mecanismo de capacidade.

O sábado 7 de abril de 2018 publicábase no Boletín Oficial do Estado publicaba a Orde ETU/362/2018, do 6 de abril, pola que se modifica a Orde IET/2013/2013, do 31 de outubro, pola que se regula o mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade. Esta Orde, entre outras cuestións, dispón un novo período de entrega comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de decembro de 2018.

Neste sentido, a subasta de interrompibilidade para os últimos sete meses do ano comezou a finais de maio. A convocatoria de dita poxa, xestionada polo operador do sistema eléctrico, Red Eléctrica de España (REE), baixo fiscalización da



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 11:03
Nº Rexistro: 31304
Data envío: 24/05/2018 11:03:21.848

Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC), estaba prevista para se desenvolver entre o 21 e o 25 de maio, prevendo a posibilidade do seu remate antes dese mesmo día.

Para esta poxa prevíase, segundo información do propio operador do sistema, a competición de arredor de 130 empresas da grande industria. Os resultado da mesma serán coñecidos unha vez validados pola CNMC.

Debido ás consecuencias que estes cambios poden ter na industria galega, formúlase a seguinte interpelación:

-Que valoración fai o goberno galego do resultado da poxa de interrompibilidade de maio para a industria electrointensiva galega?

-Que valoración fai o goberno galego do funcionamento da nova Orde ETU/362/2018, do 6 de abril, pola que se modifica a Orde IET/2013/2013, do 31 de outubro, pola que se regula o mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade?

-Que repercusións considera o Goberno Galego que se teñen dado na industria electrointensiva galega co cambio no sistema de poxa? Como as valora?

-Ten avaliado co sector esta última poxa?

-Ten realizado ou demandado o goberno galego algún tipo de interlocución co goberno do Estado ao respecto? En que termos?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 11:03
Nº Rexistro: 31304
Data envío: 24/05/2018 11:03:21.848

-Ten realizado a Xunta de Galiza, ao abeiro do INEGA ou dalgún outro instrumento, unha avaliación do posíbel impacto no momento de coñecérense os borradores previos así como o informe previo da CNMC?

-Ten presentado a Xunta de Galiza alegacións ou propostas nas fases de preparación da nova regulación? Cales foron as razóns?

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/05/2018 10:56:30

María Montserrat Prado Cores na data 24/05/2018 10:56:35



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 11:03
Nº Rexistro: 31304

Data envío: 24/05/2018 11:03:21.848

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2018 10:56:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/05/2018 10:56:39

Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2018 10:56:40

Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2018 10:56:42

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, relativa aos estudos necesarios para as autorizacións de implantación de grandes centros comerciais.

Galicia ten case un millón de metros cadrados ocupados por centros comerciais. Supoñen neste momento 39 centros comerciais operativos: 18 na Coruña, 16 en Pontevedra, 3 en Lugo e 2 en Ourense.

De aquí ao 2020 está prevista a construción doutros 400.000 metros cadrados, o 20% da totalidade dos proxectados en toda España.

Fondos de investimento internacionais e promotores impulsan cinco novos centros comerciais, todos eles no sur de Galicia (dous na provincia de Ourense e tres na de Pontevedra), que suman eses 400.000 metros cadrados.

Nestes momentos A Coruña, acapara máis da metade da actual oferta de grandes áreas de compras: 530.829 metros dun total de 916.029 en toda Galicia. Entre os proxectos máis avanzados está o parque comercial de San Cibrao das Viñas (Ourense) promovido por Kronos Properties, cunha superficie comercial de 18.500 metros cadrados. Ten prevista a súa apertura no primeiro semestre do 2019. Nese mesmo período de tempo abrirá tamén en Ourense Leroy Merlin unha instalación comercial de 10.000 metros.

As maiores operacións de futuro están situadas en Vigo. Alí está proxectado para 2020 o proxecto de Vialia na estación do AVE cunha superficie construída de 90.476 metros.



O fondo británico Eurofund Capital Partners mantén o plan de construír en Vigo o maior centro comercial de Galicia, de 500.000 metros cadrados de superficie a pesar da controversia que suscita. Unha iniciativa imposible de desenvolver co vixente plan urbanístico da cidade. O fondo de investimento tenta eludir este plan coa colaboración da Xunta de Galicia para que declare o proxecto de carácter supramunicipal, o que permitiría a Eurofund saltarse a nulidade do plan xeral.

No veciño municipio de Mos está en fase inicial de estudos o centro comercial de 120.000 metros cadrados da Cidade Deportiva do Celta, que tamén esixiría modificacións da normativa urbanística.

Como vemos polos datos anteriores, as maiores superficies galegas están en mans de fondos internacionais de capital de risco, que consideran estes investimentos meramente especulativos e non dubidan en pechalas de maneira fulminante se non conseguen os resultados a curto prazo que consideran necesarios. Isto é o que está a pasar en Estados Unidos con peches en cadea de grandes espazos.

Esta situación de concentración da propiedade da superficie comercial en Galicia, moi superior á doutras zonas de España e Europa, en mans de fondos especulativos é un risco enorme para a diversidade do ecosistema comercial xa que canibaliza e destrúe o pequeno comercio nos centros das cidades con todas as consecuencias negativas que iso implica para un desenvolvemento social sustentable das mesmas e afecta moi negativamente ao seu atractivo de face aos visitantes.

Supoñen ademais, estes grandes centros, unha diminución inasumible de posibilidades de mercado para os pequenos propietarios de locais comerciais nos centros e os barrios das cidades.



Os prezos de aluguer da superficie comercial nos grandes centros é inasumible para iniciativas da pequena empresa o que leva a que estes centros estean copados polas grandes marcas e as súas franquías. Isto limita moitísimo a capacidade de innovación e desenvolvemento de novas iniciativas de capital e emprendemento local e as súas posibilidades de desenvolvemento tanto en Galicia como noutros territorios a partir dunha forte implantación local.

Tamén esta concentración masiva, polo comentado no parágrafo anterior, reduce de maneira drástica a diversidade comercial o que resta atractivo ás cidades, que non poden ofrecer aos visitantes zonas comerciais diferenciadas e con valores e produtos autóctonos que o visitante non pode atopar nos seus lugares de orixe.

Ante todo isto consideramos que non se pode seguir con esta barra libre, para os grandes fondos de capital especulativo, para implantar de maneira masiva centros comerciais sen antes estudar a fondo as súas consecuencias en todo o comercio local naquelas zonas onde xa se instalaron e nas que se proxectan para o futuro.

Ante todo o exposto, En Marea presenta a seguinte Interpelación ao Goberno:

- 1.- Ten realizada a Xunta de Galicia algún informe das consecuencias para o comercio local, e a destrución de emprego que implica, da implantación de grandes superficies comerciais?
- 2.- En concreto realizouse algún estudo na zona metropolitana da Coruña por ser a máis afectada nestes momentos?
- 3.- Ten realizado a Xunta de Galicia algún estudo das consecuencias para os pequenos propietarios de locais comerciais nas zonas onde se instalan grandes superficies?



4.- De acordo co artigo 29 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, para as autorizacións comerciais autonómicas, elabóranse e téñense en conta os informes mencionados nas preguntas 1 a 3 para ditaminar ditas autorizacións?

5.- Para os novos centros comerciais mencionados na exposición de motivos, estanse a facer os informes mencionados nas preguntas 1 a 3?

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 24/05/2018 13:09:30

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Os datos do Instituto Galego de Estatística relativos á taxa de accidentes na pesca, correspondentes aos últimos dispoñibles, amosan un incremento do 8,5 %, para o total de accidentes ocorridos entre ano 2015 e 2016, de 979 a 1.072. Pero resulta especialmente preocupante o incremento dos accidentes graves, que alcanza un 61 %, de 42 a 58, e no caso dos mortais un 20 % (de 8 a 12).

Respecto das enfermidades profesionais con baixa, resulta especialmente rechamante que para o mar só se produzan en torno a 10 casos ao ano, cando se trata dunha demanda histórica das persoas do mar, especialmente das mulleres redeiras e das mariscadoras.

Na Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo (EGSST) 2017-2020, establécense como factores que mellorarían substancialmente o benestar no traballo e as condicións laborais, as novas tecnoloxías e as numerosas innovacións na organización do traballo, así como a prevención eficaz das enfermidades relacionadas co traballo. Outro dos aspectos recollidos fai referencia á necesidade de adaptación do lugar de traballo á accesibilidade do posto e ás intervencións dirixidas aos traballadores de maior idade. E incluso a EGSST concreta unha serie de obxectivos, liñas estratéxicas e medidas precisas para dalgún xeito reverter estes índices. Concretamente o Obxectivo 5, refírese ás actividades que presentan maior risco, nas cales debemos incluír a pesca, tal e como reflicten os datos. Entre estas medidas, recóllense por exemplo os trastornos musculoesqueléticos no caso das mulleres, caso no que se poderían incluír as mulleres redeiras galegas.

Para todo isto, crearase un grupo de traballo no seo do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral para o seguimento e avaliación desta estratexia, que permitirá adoptar as disintas medidas e a súa execución.

Grupo Parlamentario

Así pois, temos por un lado, a realidade en canto aos datos, á taxa de accidentes e ás medidas que hipoteticamente aplicaría o Goberno galego, mentres que por outro lado, temos os orzamentos, que recollen as dotacións económicas para precisamente acadar estes obxectivos indicados.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

É curioso, non obstante, ver como no programa 723A de mellora da calidade produtiva pesqueira e da acuicultura, entre o ano 2017 e 2018 reducíronse partidas como:

- Investimentos a bordo: de 1.300.000 euros a 248.000 euros.
- Modernización de motores: de 200.000 euros a 0 euros.
- Saúde e seguridade: de 900.000 euros a 385.000 euros.
- Formación menores de 30 anos desempregados: de 800.000 euros a 435.000 euros.

E unicamente se destinan 130.000 euros a actuacións para mellora da pesca.

Costa entender estas reducións cando na EGSST se establecen medidas como “Impulsar a mellora das condicións de traballo en sectores e actividades con elevados índices de incidencia de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, con especial atención aos máis atomizados, como por exemplo o sector primario”. Ou “profundar no estudo e investigación de enfermidades profesionais que se consideren prioritarias, analizando as súas causas, frecuencia e medidas de prevención” E costa especialmente comprendelas cando os barcos galegos ademais de ser os máis pequenos de Europa, son tamén os máis vellos.

Os Socialistas entendemos que o grupo de traballo creado no seo do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral para o seguimento e avaliación desta estratexia, debe ter en consideración estes aspectos, xa que dificilmente se poderán adoptar medidas sen a conseguinte dotación orzamentaria.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

Grupo Parlamentario

1ª) Que valoración fai o Goberno galego do incremento na taxa de accidentes na pesca entre o ano 2015 e 2016, que son os últimos datos dispoñibles?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego do incremento da gravidade dos accidentes laborais na pesca entre o ano 2015 e 2016?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Como pretende o Goberno galego acadar os obxectivos establecidos na Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo coa redución orzamentaria nas partidas do programa 723 A de mellora da calidade produtiva pesqueira e da acuicultura, destinadas a investimentos a bordo, modernización de motores, saúde e seguridade, así como formación menores de 30 anos?

4ª) Cales son as conclusións do grupo de traballo do Consello Galego de Seguridade e Saúde para o seguimento e avaliación da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo?

5ª) Que medidas concretas vai aplicar o Goberno galego para impulsar a mellora das condicións de traballo no mar que ten elevados índices de incidencia de accidentes de traballo e enfermidades profesionais?

6ª) Vai levar a cabo o Goberno galego algún estudo sobre enfermidades profesionais para as redeiras e mariscadoras galegas para implementar o estudo e investigación de enfermidades profesionais que se consideren prioritarias, analizando as súas causas, frecuencia e medidas de prevención, en caso positivo, cando?

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/05/2018 13:40:52

Noela Blanco Rodríguez na data 23/05/2018 13:41:03



 Grupo Parlamentario

Julio Torrado Quintela na data 23/05/2018 13:41:12

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A interoperabilidade, é a capacidade que teñen os sistemas de información, e os procedementos ós que lle dan soporte, para poder compartir datos.

Ademais dos importantes aforros económicos e de tempo que a interoperabilidade supón, tanto para a propia Administración como para a cidadanía, esta:

- **Beneficia á cidadáns e cidadás e empresas**, en tanto que deixen de estar obrigados a presentar os citados documentos, co que se lles facilitan certas tramitacións.
- **Beneficia á propia Administración**, facilitando o acceso ós datos e axilizando a tramitación dos procedementos.

No 2014 a Xunta de Galicia puxo en marcha Pasaxe!, o nodo de interoperabilidade de Galicia.

Pasaxe! permite a obtención de información de cidadáns e cidadás ou empresas elaborada pola Administración de forma sinxela, segura, centralizada e respectando a privacidade da cidadanía.

O portal de interoperabilidade galego, ten por obxectivo facilitar a cooperación entre administracións como mecanismo esencial para proporcionarlle ós cidadáns os servizos necesarios para garantir o seu dereito para relacionarse con elas por medios electrónicos e de non presentar aqueles documentos susceptibles de ser consultados por conexións informáticas ou xerados pola propia Administración autonómica.

 Grupo Parlamentario

Dentro das documentacións máis habituais a tramitar nun concello e que precisan habitualmente de informes sectoriais da propia Xunta de Galicia, son as tramitacións de licenzas e outras tramitacións urbanísticas.

Neste sentido o propio Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia xa ten desenrolado e implantado nalgúns concellos de Galicia esa ferramenta que ten facilitado esa interoperabilidade entre o procedemento de tramitación de traballos profesionais do COAG e o procedemento de tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas. O que favorece a trazabilidade dos expedientes, a mellora da transparencia e a inmediatez nas comunicacións entre institucións e por suposto cos cidadáns e cidadás.

Esta sen dúbida é unha das queixas máis habituais dos galegos e galegas, e tamén causa da falla de confianza na administración, freo da autopromoción de vivenda, rehabilitación do patrimonio, como de emprendemento, polo farragoso das tramitacións, que en moitas ocasións se tornan interminables e que provocan.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. No 2014 a Xunta de Galicia puxo en marcha o nodo de interoperabilidade de Galicia “Pasaxe!”. Cal é a valoración que fan da súa posta en marcha ata o momento?
2. Coñecen o malestar de moitas galegas e galegos manifestado nos concellos de toda Galicia pola demora na tramitación dos expedientes, a petición reiterada de documentacións que se extravían, a falla de trazabilidade, a lentitude na remisión de comunicacións entre administracións e co propio administrado ou administrada?
3. Considera o Goberno que é de interese para todos os galegos e galegas a posta en marcha dunha plataforma de tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas dentro do nodo de interoperabilidade da Xunta de Galicia “Pasaxe!” e que axude a evitar todas as deficiencias detectadas?

 Grupo Parlamentario

4. No ano 2011 asinouse un acordo entre a Consellería de Presidencia e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para implantar e estender as licenzas dixitais en todos os concellos de Galicia. ¿Cales foron os pasos dados desde entón e porqué tras 7 anos desde o acordo non se ten conquirido a implantación?.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 24/05/2018 16:57:05

Raúl Fernández Fernández na data 24/05/2018 16:57:10

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/05/2018 16:57:15

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/05/2018 16:57:21

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/05/2018 16:57:26



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 18:20
Nº Rexistro: 31355
Data envío: 24/05/2018 18:20:55.793

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a tomar no centro de saúde de Cambados.

A sanidade pública de Galiza está en estado de auténtica emerxencia como consecuencia das políticas do PP. Unha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Desde o regreso ao goberno da Xunta do PP no ano 2009 todos as decisións tomados foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como “a porta de entrada”, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel.

Masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

Non se trata de “casos puntuais” como queren facernos crer xs responsábeis do Sergas, senón que son as consecuencias de decisións que levan ao deterioro estrutural da Atención Primaria, decisións non inocentes, senón que son froito dunha escolla ideolóxica.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 18:20
Nº Rexistro: 31355
Data envío: 24/05/2018 18:20:55.793

O Centro de saúde de Cambados responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

O Sergas está a implantar o que dá en chamar “intersubstitucións”, que non é outra cousa que o escaso persoal que permanece no centro faga o traballo propio e o dos/as que non están.

No verán de 2017 a Xunta tomou a decisión de dar un paso máis no deterioro da prestación do servizo ao pechar o centro de saúde en horario de tarde, decisión que este verán de 2018 pretende consolidar.

Esta decisión non ten xustificación. A demanda existente, tanto a ordinaria como a que se deriva das persoas desprazadas debida á época estival aumenta. A poboación non cambia os horarios da súa xornada laboral, na época estival segue precisando o horario de tarde. O peche non se publicita para tentar evitar as queixas dos/as veciños/as polo que son moitas as persoas que demandan atención en horario de tarde e ao non ter servizo desprazan a sobrecarga.

Prodúcese un aumento das persoas que acoden ao PAC, sobrecarga do resto do persoal, peche de axendas, desorganización pola necesidade constante de “redistribuír” a demanda asistencial, duplicar as citas... Unha sobrecarga asistencial brutal e un deterioro da calidade asistencial. Estamos diante dun auténtico despropósito, tanto para profesionais como para doentes.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte interpelación:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 18:20
Nº Rexistro: 31355
Data envío: 24/05/2018 18:20:55.793

-Ata onde están dispostos a chegar na política de recortes na sanidade pública galega?

-Considera o Goberno galego que se pode prestar unha asistencia sanitaria de calidade cando os e as profesionais teñen que asumir o traballo propio e o dos/as compañeiros/as que non son substituídos/as?

-É consciente dos prexuízos que lle causa tanto a doentes como profesionais a decisión de non substituír ao persoal?

-Que alternativa lle dá as persoas que tiñan o seu médico de familia en horario de tarde, por decisión propia, por adaptarse ao seu horario laboral ou situación familiar, e durante meses van deixar de telo?

-Coida que o persoal do PAC pode asumir a sobrecarga asistencial que se deriva desta decisión?

-Vai garantir a presenza de equipos completos de profesionais en todas as quendas do PAC do centro de saúde de Cambados?

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 18:20
Nº Rexistro: 31355
Data envío: 24/05/2018 18:20:55.793

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/05/2018 16:57:49

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2018 16:57:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/05/2018 16:57:56

Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2018 16:57:57

Noa Presas Bergantiños na data 24/05/2018 16:57:59

Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2018 16:58:00

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno**.

No ano 2009 Caixa Galicia tiña 4.467 empregados. Á súa vez, Caixanova tiña un cadro de persoal de 3.378 persoas. Sumando ambas as dúas entidades eran 7.845 persoas as que traballaban nas caixas de aforro galegas.

Hoxe, pasados nove anos e gastados 9.000 millóns de euros de fondos públicos, a plantilla de Abanca, entidade resultante do proceso de fusión primeiro e da privatización despois, é de apenas 4.137 persoas.

Un brutal proceso de axuste de persoal que, por agora, eliminou máis de 3.700 postos de traballo, o que supuxo a perda de 1 de cada 2 empregos.

Á súa vez, a evolución do emprego no Banco Pastor é aínda peor. Esta entidade tiña un cadro de persoal de 4.112 persoas en 2009 pero o proceso de absorción primeiro e de practica liquidación posterior, como entidade independente, provocou un enorme devalo do seu persoal. En 2016, último ano dispoñible, ten apenas 1.022 empregados, isto é, perdéronse máis de tres mil empregos, o que equivale a amortizar tres de cada catro empregos que tería antes de empezar a súa liquidación.

Caixa Galicia, Caixanova e Banco Pastor eran as tres entidades que conformaban o sector financeiro en Galicia, cun papel central na estrutura económica de Galicia. Entre as tres daban emprego a 11.957 persoas en 2009, hoxe, reducidas a unha sombra do que foron, apenas dan emprego a 5.000 persoas.



A reestruturación financeira supuxo a liquidación do sector con entidades propias que se traduce na brutal perda de emprego: perdéronse case 7.000 empregos no sector, empregos de bos salarios e de alta cualificación que é posible que se perderan para sempre.

O desmantelamento dos servizos centrais, a intensa redución do número de oficinas, os problemas derivados de exclusión financeira de parte dos concellos de Galicia, a precarización das condicións laborais e outras cuestións que están detrás do enorme axuste do emprego, explican tamén a perda de peso do sector financeiro na economía galega. En 2009 as actividades financeiras aportaban o 4,3% do VEB de Galicia e agora, en 2017, apenas chegan ao 3,2%. Isto supón unha perda do 25% de valor engadido bruto xerado polas actividades financeiras.

Polo anterior, preséntanse a seguinte pregunta:

- Que responsabilidade ten a Xunta de Galicia no proceso de desmantelamento do sector, dende a fusión das caixas ata a venda e practica liquidación do Banco Pastor que provocou un descalabro en termos de emprego e de xeración de valor no sector financeiro en Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



José Manuel Lago Peñas na data 16/05/2018 18:34:08

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Xunta de Galicia anunciou que 20 concellos galegos non presentaran as contas correspondentes ao exercicio pechado 2016 o órgano fiscalizador, o Consello de Contas de Galicia, feito polo que quedarán fóra das convocatorias de axudas ou subvencións convocadas pola Xunta de Galicia.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Vai poñer o Goberno galego a disposición destes concellos medios para que poidan cumprir coas súas obrigas de xeito que non perdan as axudas ou subvencións que tanto precisan para poder atender as necesidades da súa cidadanía?

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/05/2018 15:57:58

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/05/2018 15:58:09

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O despoboamento é o maior problema en Galicia. Dende que goberna o Partido Popular perdemos 85.000 persoas. Só o ano pasado 10.000 persoas. As proxeccións a curto prazo do IGE presentan un panorama desolador. Para o ano 2031 unha perda de 231.000 persoas.

Na actualidade en Galicia existe un desequilibrio demográfico claramente marcado: mentres que a poboación se acumula nas áreas urbanas, nos concellos do rural a perda é alarmante. A base da pirámide de Galicia estréitase ano tras ano, especialmente para os menores de 30 anos.

Nesta situación, a pesca representa un papel fundamental na fixación de poboación. Non obstante, os datos da EPA Galicia, amosan unha perda de 4.400 persoas ocupadas entre o primeiro trimestre de 2017 e o primeiro de 2018. Nun só ano reduciuse un 21 % o número persoas ocupadas neste sector. A pesca é o sector que no último ano perdeu máis poboación ocupada. Os datos son especialmente negativos para o caso das mulleres, xa que a redución representa un 31 %, todo iso a pesar de que a conselleira do Mar repite constantemente que a situación da muller no mar, é mellor, a pesar de que os datos indican o contrario.

Total	Total	Homes	Mulleres
2017/I	20,8	15,03	5,5
2018/I	16,4	12,6	3,8
		- 18 %	-31 %

O relevo xeracional non está garantido e iso deixa máis de 4.400 embarcacións sen unha alternativa de futuro.

Grupo Parlamentario

Isto é unha realidade que temos en Galicia, resultado das políticas de abandono dun Goberno que está a arranxar fochancas no canto de facer país. Un Goberno que no ano 2017 executou unicamente un 37 % do programa 723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Medidas como o seguro do mal tempo, os investimentos en seguridade - concretamente sistemas antiafundimento, que manteñan a frote as embarcacións no caso de sinistro-, sistemas de localización, son problemas pendentes que nunca atopan solución e xeran inseguridade nas persoas do mar.

Fronte á dureza do traballo no mar, os ingresos acadados coa actividade non se corresponden co esforzo, de tal xeito que os ingresos da actividade non son suficientes para compensar os custes que a actividade orixina. O escenario aínda empeorará de implantarse o sistema de ITQs para o Plan de xestión do Cantábrico, cuestión que preocupa enormemente ao sector. O Goberno galego parece obviar o principio de cautela, por non ter en conta as consecuencias que tería para a nosa frota. O propio sector advirte que este sistema ten por obxecto claramente a redución de frota e que abre a porta á especulación e á privatización.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego que a pesca sexa o sector de maior perda de poboación ocupada no último ano?

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 18/05/2018 19:11:25

Julio Torrado Quintela na data 18/05/2018 19:11:37

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O proxecto hoteleiro no Pazo de Sober foi fortemente apoiado dende o inicio por distintas administracións, resultando un fracaso empresarial.

En marzo de 2007 a empresa Alvaher98 – do sector da alimentación, sen experiencia no sector hoteleiro - solicitou ao Concello de Sober licenza municipal para reconstruír o edificio do pazo de Sober dos López de Lemos, de cara a convertelo nun establecemento de uso hoteleiro. A finalidade era rehabilitar as ruínas e converter o complexo nun hotel de “gran luxo”, cunha previsión inversora (segundo declaracións a prensa) de 8 millóns de euros. A autorización de Patrimonio foi en xuño de 2007.

Dende o anuncio do proxecto, en 2007, a construción do hotel foi “vendida” polo Concello de Sober e polo PP durante as campañas electorais das municipais de 2007 e 2011 como unha gran esperanza do emprego en Sober, destinado a ser “un referente en toda Europa” e a atraer un “turismo de elite e de calidade”.

En 2009, o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) concede ao proxecto hoteleiro unha axuda a fondo perdido de 887.619 €, na liña de “grandes investimentos”, para unha inversión inicial fixada en 5.221.294 €. Ese mesmo ano, o Ministerio de Facenda concedeu tamén para o proxecto unha subvención directa de 418.083 €. A data de vixencia de ambas axudas foi o 1 de xuño de 2011 e o 30 de setembro de 2011, respectivamente.

O mesmo IGAPE, en novembro de 2009, concedeu a este proxecto un préstamo, a baixo interese, do Banco Europeo de Inversións, por importe de 2,5 millóns de euros. Segundo comunicou a Consellería de Industria, “en data do catro de xuño de 2010, a empresa promotora deste investimento xa puido dispoñer da totalidade do préstamo directo concedido polo Igape, por importe de 2,5 millóns de euros.”

O Concello de Sober inverteu en accesos ao entorno – a través de subvencións da Consellería de Presidencia – e no saneamento – a través dun plan de obras da Deputación Provincial de Lugo -.

Para a aceptación das axudas, a empresa comprometíase a:

- manter 34 empregos de media durante 2 anos.
- permanecer en activo durante 5 anos, sen especificar o número de empregos (este compromiso refírese ao crédito).

O 6 de outubro de 2010 inaugurouse o hotel “Palacio de Sober”, con presenza do Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo.

A Consellería de Cultura na altura sinalara que a colaboración deste proxecto con dita consellería podería “concretarse con posterioridade á apertura coa colaboración na organización de convocatorias culturais” así como “na promoción do turismo de calidade”.

En febreiro de 2013, só catro meses despois de que rematara o prazo no que a empresa se comprometía a ter funcionando o proxecto con, canto menos, unha media de 34 empregos, a empresa presentou un Expediente de Regulación de Emprego para máis do 80% da plantilla, pactándose un ERTE que prevía abrir en



setembro. Previamente, rexeitáronse ofrecer servizos e estancias en dito hotel, de xeito incomprensible. Dende o inicio, o proxecto empresarial amosouse inestable e con mala xestión, con acumulación de impagos de nóminas, rexeitamento de eventos e atrasos nos pagos ás empresas da zona que subministraron material e servizos ao hotel, acumulando atrasos de case un millóns de euros.

Ata 2015 o hotel estivo formalmente “activo”, pero sen funcionar como hotel, pois só contaba con tres empregados para o mantemento mínimo.

O Hotel Pazo de Sober foi a gran aposta do Plan Impulsa Lugo.

O Director Xeral do IGAPE tiña manifestado que confiaba en que non se chegase á liquidación e que se manteña a actividade empresarial no edificio.

En febreiro de 2015, a empresa propietaria do pazo solicitou entrar en concurso de acredores e nun proceso de liquidación, que non foi adiante.

Do 21 de abril ao 14 de maio de 2018 estivo aberta, por parte do xulgado do Mercantil n.º 12 de Madrid, a puxa pública polo Pazo de Sober, en 3 lotes (edificio, mobiliario e fincas), valorados en conxunto en 5.158.189,13 €.

O edificio foi valorado en 4.706.421,13 €, tendo unha hipoteca a favor do IGAPE por importe de 3.312.000 €.

Rematada a poxa, unha empresa ofrece 2,4 millóns de euros polo edificio, o 51% do valor.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta a seguinte Pregunta:

- Non considera a Xunta que fracasou na aposta polo Hotel Gran Luxo Pazo de Sober?



Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 21/05/2018 11:21:13

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Os equipos de valoración e orientación para a discapacidade (EVO) son equipos multidisciplinares compostos por persoal de perfil médico, psicolóxico e de traballo social, así como de persoal administrativo especializado, encargados de valorar e cualificar o grao de discapacidade das persoas que o soliciten. Dependentes das Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social, sitúanse na Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

A situación a nivel xeral é de atrasos de meses na tramitación de ditas valoracións do grao de discapacidade, malia que a normativa sinala que non se deben superar os tres meses, sendo especialmente grave a situación da sección dos EVO de Pontevedra, que acumula milleiros de expedientes en tramitación.

Se cada ano entran case uns 5000 expedientes novos nos EVO de Pontevedra e os 3 equipos existentes só poden sacar, cando están a pleno rendemento, uns 3000 ao ano, a acumulación de expedientes é inasumible sen que se aumenten equipos de xeito estrutural.

A sección de Pontevedra precisa unha solución estrutural, pois os atrasos nas valoracións sitúanse en 3 anos, de xeito ordinario, e superan o ano para os casos urxentes. A Orde de 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes establece unha serie de prioridades á hora da valoración (artigo 16. 2.), pero nin sequera nestes



casos máis urxentes (valoración de menores de idade, maiores de 90 anos, casos de acceso ao emprego, violencia de xénero, etc) se consegue reducir a lista de agarda por debaixo do ano.

A tardanza na resolución sobre o grao de discapacidade mantén durante meses a persoas sen poder ter os dereitos que lle corresponden, en distintos eidos. Non ter o recoñecemento de discapacidade fai que durante o tempo de agarda se deixe de gozar de dereitos, algúns dos cales son irrecuperables, como o feito de que nenos e nenas con discapacidade non poidan acceder a becas para tratamentos ata ter recoñecida oficialmente a discapacidade. Nestes casos, as familias que non podan pagar os tratamentos sen ter a beca ven atrasado o proceso de tratamento da súa crianza, cando a atención temperá é fundamental para a infancia con diversidade funcionais. Tamén se producen ano tras ano casos de falecemento de persoas anciás antes de serlles valorado o grao de discapacidade.

Esta situación de atrasos foi negada pola Xunta e polo PP, que rexeitou no Parlamento de Galicia propostas para aumentar as equipas de valoración e orientación da discapacidade. Finalmente, a Xunta vén de admitir as inxustificables listas de agarda, sinalando que o tempo medio de agarda supera o ano en Vigo e Pontevedra.

Estas circunstancias supoñen un incumprimento da normativa a respecto da discapacidade e, concretamente, no que se refire á axilidade e eficacia dos procedementos no recoñecemento do grao de discapacidade (obxectivos para os que se publica a Orde de 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes), así como un trato desigual entre as persoas dos concellos que teñen como referencia o Servizo de Valoración de Discapacidade de Pontevedra con respecto ás do resto de Galiza que, con todo, tamén sofren unha demora inxustificábel.



Como sucede noutros servizos públicos afectados polos recortes, son as persoas profesionais dos EVO quen suplen á Administración, asumindo unha inhumana carga de traballo e sufrindo a realidade de ver día a día persoas que non poden acceder a dereitos que lles corresponden, padecendo a situación de ver xente que morre sen ter recoñecido o grao de discapacidade que ten. É unha situación inhumana para a cidadanía e para o persoal.

Para responder á grave situación o Parlamento aprobou instar á Xunta a crear novos EVO e a Xunta anunciou no Consello da Xunta do 18 de maio a creación, no mes de xuño, de 14 equipos que serán contratados de xeito temporal, por seis meses, seis dos cales estarán na sección de Pontevedra, 4 en Vigo, 1 na Coruña, 1 en Ferrol, 1 en Lugo e 1 en Ourense.

As equipas de reforzo anunciadas serán temporais, cunha duración de seis meses. Esta suposta solución non é máis ca un parche e a súa ineficacia xa foi demostrada pois, de cando en vez, a Xunta fai contratos por acúmulo de tarefas, situacións temporais que non resolven o problema estrutural. A valoración da discapacidade é un proceso complexo e interdisciplinar, que require de formación práctica das equipas, co cal, parte do tempo dos contratos temporais se precisa para irse formando na práctica. Ademais, o persoal administrativo tamén precisa unha formación especializada, que só se adquire coa práctica.

O convenio co Sergas para as valoracións, aplicado de xeito piloto na sección de Pontevedra, tampouco resolveu nada: os atrasos seguíronse acumulando, pois só se axiliza a parte médica, cando a valoración da discapacidade é multidisciplinar e complexa.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



- Considera a Xunta que contratar novas equipas de orientación e valoración da discapacidade por só 6 meses revolve o problema estrutural de atrasos nos expedientes de valoración da discapacidade?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 21/05/2018 11:30:38

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e María Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Demarcación de Estradas do Estado realizou no pasado mes de xaneiro obras de acondicionamento na N-651 entre o PK 28+420 e o PK 29+240, na zona coñecida como Curvas de Santa Ana, no concello de Fene (A Coruña). Estas obras tiñan como finalidade dotar á vía de maior seguridade dada a alta sinistralidade do tramo comprendido entre o PK 28+420 e o PK 29+100. As obras entre outras intervencións comprenderon a redución de velocidade do tramo de 80 a 50 km/h, a supresión do carril de adiantamento e a construción dunha mediana.

Estas medidas, en principio, encamiñadas a mellorar a seguridade viaria, completáronse co repintado da estrada en zonas próximas, concretamente no PK 29+165 e PK 29+240, limitando os xiros á esquerda e provocando que a veciñanza teña que facer percorridos de ate 5 quilómetros (a “Demarcación de estradas” reconece 4,8 Km) para dirixirse ao centro urbano do Concello, cando este dista escasos 900 metros da entrada á rúa Santa Ana.

As respostas do Ministerio de Fomento, ate a actualidade, lonxe de aportar solucións ás demandas da veciñanza, nin recoñecen o problema que causou a súa intervención, non avanza prazos para unha posible solución.

Enténdese, ademais, que a seguridade viaria ten que ser compatible coa accesibilidade da veciñanza ás súas vivendas.

Grupo Parlamentario

Ante esta situación os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Que xestións está a levar a cabo o Goberno galego diante da Demarcación de Estradas do Estado, para o restablecemento da sinalización horizontal existente antes das obras de acondicionamento na N-651, que permita os xiros á esquerda no PK 29+165 e PK 29+240, na zona coñecida como curvas de Santa Ana, no concello de Fene (A Coruña)?

Pazo do Parlamento, 21 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/05/2018 14:20:55

Raúl Fernández Fernández na data 21/05/2018 14:21:12

María Luisa Pierres López na data 21/05/2018 14:21:21

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Con data 4 de maio, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio publicaba unha orde establecendo as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á creación ou mellora de determinadas infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais nos concellos de Galicia para o ano 2018. Segundo esta orde, cada concello só poderá pedir unha subvención, con cargo á aplicación orzamentaria 2018 07 04 521A 7620 (código de proxecto 2015 00235) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

A propia Orde xustifica estas subvencións na necesidade de “humanizar as vilas dispersas pola nosa xeografía (verdadeiros motores de dinamización social e económica, di a orde), coa fin de potenciar as infraestruturas, servizos e equipamentos e co obxectivo, entre outros, de promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos con criterios de sustentabilidade económica, ambiental e social”. Isto significa que os concellos, onde afrontar o problema do saneamento e as infraestruturas hidráulicas é un dos problemas fundamentais, poderán acollerse a estas subvencións, pois aqueles cunha poboación inferior ou igual a 5.000 habitantes poderán recibir ata o 100 % do investimento.

Ata aí todo perfecto. Mais houbo un pequeno “problemiña”: que as solicitudes se realizaron telematicamente a través de formulario normalizado e se resolveron por orde de rexistro de entrada (polo visto, a xustificación estaría na aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos), publicouse o venres 4 de maio e a páxina da Xunta de Galicia non funcionou ata

 Grupo Parlamentario

ben avanzada a mañá do luns cando, curiosamente, o límite de orzamento xa estaba esgotado.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende o Goberno galego que as subvencións da orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (publicada no DOG de 4 de maio), en réxime de concorrencia non competitiva, servirán para promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos con criterios de sustentabilidade ambiental?

Pazo do Parlamento, 21 de maio de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 21/05/2018 16:56:30

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/05/2018 16:56:37

Raúl Fernández Fernández na data 21/05/2018 16:56:39

María Luisa Pierres López na data 21/05/2018 16:56:43



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2018 17:14
Nº Rexistro: 31187
Data envío: 21/05/2018 17:14:54.823

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Xa ninguén dubida da gravidade da praga da nesperiña do castiñeiro tanto pola súa extensión xeográfica coma pola intensidade desta e dos danos que está a ocasionar nos soutos consolidados e nas plantacións que se están a facer de novo.

Nesta Comisión 7ª afirmouse recentemente a preguntas deste grupo parlamentario que a solta de *Torymus* este anos en curso sería de 1.600.000 individuos.

As novas aparecidas na prensa destes días falan de 750.000 individuos sen que se dean razóns para esta diminución.

Pero o que máis chama a atención é o secreto con que se levan a cabo as soltas. Non hai notificación das zonas onde se realizan nin instrucións ó respecto para os propietarios de soutos e novas plantacións.

Noutras Comunidades Autónomas onde se realizaron soltas de *Torymus* si hai divulgación de como facer para non interferir no desenvolvemento do individuo e favorece-la súa expansión e eficacia.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2018 17:14
Nº Rexistro: 31187
Data envío: 21/05/2018 17:14:54.823

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

A que se debe o secretismo da Consellería de Medio Rural en todo o concernente a lugares de solta, divulgación das prácticas silvícolas que axuden á fixación e expansión do *Torymus sinensis* e expansión da praga da nesperiña do castiñeiro?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/05/2018 17:11:18

María Montserrat Prado Cores na data 21/05/2018 17:11:23



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2018 17:14
Nº Rexistro: 31187
Data envío: 21/05/2018 17:14:54.823

Ana Pontón Mondelo na data 21/05/2018 17:11:24

Olalla Rodil Fernández na data 21/05/2018 17:11:26

Noa Presas Bergantiños na data 21/05/2018 17:11:27

Xosé Luis Bará Torres na data 21/05/2018 17:11:29



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2018 17:20
Nº Rexistro: 31192
Data envío: 21/05/2018 17:20:00.948

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para resposta oral en Pleno.

1. A ponte medieval de Ponte Sampaio é un ben cultural de grande valor histórico-artístico. Lugar de paso dos camiños históricos que unen o norte de Portugal con Compostela, foi escenario da famosa batalla da guerra contra os franceses e de moitos outros acontecementos ao longo dos tempos. Como outras moitas pontes, ten tamén asociado un rico patrimonio inmaterial.

Na actualidade, a ponte cumpre a función de infraestrutura de comunicación entre Ponte Sampaio e Arcade, tanto para peóns como para automóbiles. E diariamente é atravesada por un elevado número de peregrinos que percorren o Camiño Portugués a Compostela, constituindo un dos principais fitos desta rota pola beleza do conxunto formado polo río e a ponte.

2. A ponte medieval e a súa contorna teñen diversas carencias que é preciso corrixir:

- Necesidade de realización de traballos de conservación, mantemento e limpeza do conxunto, co obxecto de mellorar a súa imaxe.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2018 17:20
Nº Rexistro: 31192
Data envío: 21/05/2018 17:20:00.948

- Alumeado anticuado e insuficiente, que sería preciso renovar.
- Proliferación de postes, paneis, placas e outro mobiliario urbano que distorsiona a harmonía do monumento.
- Estado de abandono do monumento conmemorativo do arranxo do camiño real entre Santiago e Ponte Sampaio, obra promovida polo arcebispo Malvar a comezos do século XIX.
- Necesidade de mellora da sinalización para previr os habituais accidentes de vehículos que danan os petrós.

3. A ponte forma parte do trazado da estrada PO-264, vial autonómico que atravesa os núcleos urbanos de Ponte Sampaio e Arcade, polo que a súa conservación, mantemento e reforma é competencia da Xunta de Galiza. No paso desta estrada polo núcleo urbano de Ponte Sampaio existen numerosas deficiencias en materia de seguranza viaria, accesibilidade e mobilidade peonil, polo que resulta necesario que a administración autonómica desenvolva unha actuación integral de mellora que contemple, por unha parte, o treito comprendido entre o centro de saúde e a ponte medieval, e, por outra, o treito entre o centro de saúde e o cemiterio. Como exemplo do deficiente estado do vial pódese salientar a ausencia de pasos de peóns, a deficiente sinalización, a ausencia de beirarrúas nalgúns treitos, a existencia de beirarrúas que non cumpren a normativa vixente, e a abundancia de barreiras arquitectónicas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que previsións de actuación ten a Xunta de Galiza a respecto da ponte medieval de Ponte Sampaio e da estrada PO-264?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/05/2018 17:16:54

María Montserrat Prado Cores na data 21/05/2018 17:16:58

Ana Pontón Mondelo na data 21/05/2018 17:16:59



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2018 17:20
Nº Rexistro: 31192
Data envío: 21/05/2018 17:20:00.948

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/05/2018 17:17:01

Olalla Rodil Fernández na data 21/05/2018 17:17:02

Noa Presas Bergantiños na data 21/05/2018 17:17:03

A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, M^a Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Raquel Arias Rodríguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Un dos avances máis significativos na pasada lexislatura en materia de mellora das infraestruturas viarias na provincia de Lugo foi a posta en servizo do corredor que une a capital coas localidades de Sarria e Monforte, xa que a nova vía de altas prestacións contribuíu a vertebrar e comunicar o sur da provincia de Lugo.

O proxecto deseñado polo Goberno galego prevía as condicións técnicas e estruturais para seguir avanzando neste obxectivo e, máis en concreto, para a conversión do actual corredor nunha autovía.

O Partido Popular liderou a proposta para activar a conversión en autovía deste corredor, establecendo como prioridade iniciar este proceso de desdoblamento nunha lonxitude de 11,5 quilómetros entre o enlace Sarria-Centro e a rotonda do Páramo/Pobra de San Xiao.

A Xunta acordou iniciar as obras por este tramo por ser un dos que soporta unha maior intensidade de tráfico, unha media de 6.600 vehículos diarios e presenta ademais, un nivel de servizo máis baixo polas menores posibilidades de adiantamento.

Recentemente a Axencia Galega de Infraestruturas, organismo dependente da Xunta, adxudicou por 170.610 euros a redacción do proxecto construtivo para acometer esta obra.

O Goberno galego segue deste xeito apostando por infraestruturas eficientes e sustentables deseñadas pensando nas persoas e no mellor servizo aos usuarios das vías.

A Xunta aposta por comunicacións que reforcen a competitividade do territorio, e melloren a vida dos galegos, e que sirvan de pulo para apoiar os motores da recuperación e o emprego, incrementando as oportunidades de cohesión social e territorial.

O corredor absorbeu a maior parte do tráfico da LU-546. A súa conversión en autovía é ademais unha vella demanda na comarca.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que previsións manexa o Goberno galego para seguir avanzando no proceso de desdoblamento e conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/05/2018 10:44:00

María Julia Rodríguez Barreira na data 22/05/2018 10:44:08

Martín Fernández Prado na data 22/05/2018 10:44:37

Jaime Castiñeira Broz na data 22/05/2018 10:44:45

Jacobo Moreira Ferro na data 22/05/2018 10:44:52

Marta Novoa Iglesias na data 22/05/2018 10:45:00

Gonzalo Trenor López na data 22/05/2018 10:45:07

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 22/05/2018 10:45:20

Raquel Arias Rodríguez na data 22/05/2018 10:45:28

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio publicou no Diario Oficial de Galicia do 4 de maio de 2018 a Orde do 25 de abril de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrência non competitiva, destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia para o ano 2018, coa finalidade de *“humanizar as vilas e cidades galegas, atendendo á realidade sociodemográfica de cada unha delas, aplicando unha nova visión sobre as nosas urbes enfocada no futuro e nas persoas.*

Polo tanto é preciso acometer actuacións orientadas a frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas, servizos e equipamentos e, en definitiva, mellorando o benestar e a calidade de vida da súa poboación”.

Na dita Orde enuméranse as actuacións subvencionables, sendo os investimentos na creación ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, e cun límite máximo de cincocentos euros por concello (IVE incluído) ata o esgotamento do crédito habilitado.

Á vista destes datos as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cales son as razóns polas que a Xunta de Galicia fai esta convocatoria pública en réxime de concorrência non competitiva?

Pazo do Parlamento, 22 de maio de 2018



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/05/2018 10:45:47

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/05/2018 10:45:55

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/05/2018 10:46:41

María Luisa Pierres López na data 22/05/2018 10:48:13

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Outra especie invasora chegou a Galicia para acabar coa sebe, cando aínda non se logrou gañar a batalla á avespas asiática. Trátase da couza asiática do boj - *Cydalima perspectalis*, no seu nome científico-, á que moitos xa coñecen popularmente como “papabuxos” pola súa rápida acción destrutora sobre os arbustos desta especie arbórea, moi utilizados en parques e xardíns públicos.

Procedente de Asia, non é nova en Europa xa que, localizouse por primeira vez en Alemaña en 2006. De alí deu o salto ao sur do continente, e no 2014 detectouse xa na comunidade galega, no municipio pontevedrés de Tomiño. Dende entón, a imaxe do “papabuxos” saltou con frecuencia aos medios de comunicación polos danos causados a xardíns históricos das Rías Baixas. Pero a acción devastadora da couza asiática seguiu estendéndose pola xeografía galega e hai xa dous anos chegou tamén a Ferrolterra, aínda que de forma moito máis tímida.

Coa chegada da primavera é cando o problema saíu á luz, xa que o ciclo vital da couza asiática esténdese de abril a setembro. Tras pasar o inverno aletargadas, os vermes espertan co bo tempo e aliméntanse vorazmente das follas para formar despois un casulo sedoso e transformarse en couzas. Cando son xa bolboretas, aparéanse e fan postas de ovos no interior das follas, das que nacen novas larvas. O problema é que se reproducen moi rapidamente (este ciclo pode chegar a repetirse tres ou catro veces desde a primavera ata o outono) e, ademais, en Galicia non conta con depredadores naturais, como si ocorre no seu lugar de orixe. Tan só as avespas asiáticas atacáronas, pero esa é outra especie invasora contra a que tamén se está loitando, polo que non se pode considerar unha boa aliada para erradicar a couza asiática do boj.



Grupo Parlamentario

Ante esta situación os deputados que asinan preguntan:

Que mecanismos de control se están levando a cabo pola Consellería do Medio Rural para coñecer a expansión xeografía da couza asiática do boj?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 22 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/05/2018 11:09:28

José Antonio Quiroga Díaz na data 22/05/2018 11:09:37

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O día 6 de xuño de 2017 foi debatida no Pleno una moción do Grupo Parlamentario Socialista consecuencia dunha interpelación sobre as incertezas que o novo sistema de acceso á Universidade provocaba.

Na dita moción propoñíase que a Xunta de Galicia se dirixise ao Goberno do Estado coa finalidade de que, á maior brevidade posible, se ditase a normativa precisa que superase o marco establecido pola Orde ECD/1941/2016, do 22 de decembro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2016/2017, de xeito que se dotase o sistema educativo dunha normativa estable ata que se acaden os obxectivos desexables no Pacto de Estado Social e Político pola Educación e se ditase a normativa de desenvolvemento derivada do dito pacto.

Esta moción foi rexeitada cos votos en contra do Grupo Parlamentario Popular, fundamentados en que a seriedade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria era garante de que non existía nin existiría ningún problema, engadindo a acusación habitual de que a oposición parlamentaria sementa temores infundados na poboación en calquera ámbito, coas súas actuacións políticas.

Pese a toda a suposta estabilidade normativa e a obvia claridade procedemental que dela se derivaría, acabamos de coñecer un novo caso que evidencia a inseguridade que a norma provoca.

Así, un colectivo de alumnos (poucos ou moitos, isto é irrelevante) veranse obrigados a realizar as probas da Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU) no mes de xuño cando ata hai poucos días tiñan información contraria; a proba disto é que a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) ten publicado na súa páxina web un aviso urxente para o alumnado afectado pola disposición transitoria da Orde ECD/1941/2016, na que dá coñecemento público da distinta interpretación que, sobre a aplicabilidade do disposto nesa disposición transitoria, existía entre responsables autonómicos e ministeriais.

Grupo Parlamentario

A relevancia desta discrepancia transcende con moito o anecdótico, e isto demóstrase con contundencia con dous feitos escritos:

1º.- O correo electrónico da *Subdirección General de Ordenación Académica* do *Ministerio de Educación, Cultura e Deporte* do 11 de maio de 2018 di “*Ateniéndonos al literal de la norma, y como ya hemos comentado en otra ocasión, se comprueba que la disposición solo se refiere al curso 2016-2017 y que en este curso ya no es de aplicación*”.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo tanto, a discrepancia suscitada xa fora tratada con anterioridade, se ben non se traslada aos afectados ata o 14 de maio.

2º.- Con respecto a este mesmo asunto, e acudindo o informe do Valedor do Pobo do ano 2017, na páxina 175 e seguintes e sobre a situación do alumnado procedente do plan LOE, atopamos que sobre esta mesma Orde ECD/1941/2016 un informe remitido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria indicou que o alumnado que se atopase nestas circunstancias e desexase acceder á universidade podería optar por non se presentar á proba e utilizar a súa nota media de bacharelato ou por presentarse a ABAU, tanto na fase obrigatoria e voluntaria como só na fase voluntaria. Neste último caso, o informe sinalou que o alumnado que optase por realizar a fase obrigatoria da ABAU e non a superase, mantería as súas posibilidades de acceso aos estudos universitarios oficiais coa nota media de bacharelato.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Seguen considerando os responsables da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que a normativa existente non ofrecía incertezas na súa aplicación?

Pazo do Parlamento, 22 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/05/2018 12:09:31

Grupo Parlamentario

Maria de la Concepción Burgo López na data 22/05/2018 12:09:37

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 17:22
Nº Rexistro: 31246
Data envío: 22/05/2018 17:22:24.625

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego vén de coñecer a través dos medios de comunicación o desenvolvemento dun xuízo na Audiencia Provincial de Ourense arredor dunha presunta agresión sexual acontecida no ano 2016 nunha senda peonil na ribeira do río Limia entre Vilar de Santos e Xinzo.

Con estupor coñecemos que presuntamente o Centro de Saúde de Xinzo acudindo á vítima após a agresión non ofertou asistencia sanitaria gratuíta coa desculpa da non existencia dun convenio subscrito co país de orixe da muller (Estados Unidos, segundo a información xornalística). Así mesmo infórmase dunha deficiente atención no ámbito das forzas de seguridade do Estado, máis concretamente da Garda Civil.

No relativo ao eido sanitario cómpre recordar que no ámbito estatal existe desde hai anos un Protocolo común para a actuación sanitaria ante a violencia de xénero actualizado periodicamente pola Comisión Contra a Violencia de Xénero do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde que contén directrices específicas para as situacións de violencia sexual, tanto para a súa atención como as referidas á custodia de potenciais probas. Para alén desta cuestión, existen protocolos propios no ámbito sanitario galego como o *Procedemento de intervención en saúde*, elaborado polo Grupo



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 17:22
Nº Rexistro: 31246
Data envío: 22/05/2018 17:22:24.625

de Traballo de Violencia de Xénero e Saúde da Consellería de Sanidade no ano 2016 e dirixido a profesionais da sanidade, no que se indica a actuación a seguir con base a un fluxograma de decisión Así mesmo, a Estratexia SERGAS 2020 contempla na súa Liña estratéxica 3 no ámbito da violencia machista “Homoxeneizar as actuacións en todo o Sistema Sanitario Público de Galicia para mellorar a atención sanitaria nestes casos.”

Por outra banda, o ámbito das forzas de seguridade e o ámbito xudicial teñen tamén os seus protocolos estandarizados canto á atención que deben prestar ás vítimas de violencia machista. Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos os feitos relatados polas fontes xornalísticas de máxima gravidade. Cómpre, polo tanto, unha implicación e actuación por parte da Xunta de Galiza para investigar o acontecido, facer unha avaliación dos erros e interpoñer medidas de corrección, compensación e, se é pertinente, sanción.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai desenvolver a Xunta de Galiza diante dos erros de atención á vítima de violencia machista estadounidense que denunciou unha agresión en setembro de 2016 en Xinzo?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 17:22
Nº Rexistro: 31246
Data envío: 22/05/2018 17:22:24.625

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/05/2018 17:19:47

María Montserrat Prado Cores na data 22/05/2018 17:19:51

Ana Pontón Mondelo na data 22/05/2018 17:19:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/05/2018 17:19:53

Olalla Rodil Fernández na data 22/05/2018 17:19:55

Xosé Luis Bará Torres na data 22/05/2018 17:19:56

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A organización ecoloxista Greenpeace comunicou hai tempo ao Goberno galego que o porto de Vigo podería ter recibido madeira procedente de tala ilegal de Brasil, en concreto, a través dun barco dende Paranagua (Brasil) ata Vigo mediante a empresa “Madeiras Cedroarana”, empresa relacionada coa masacre de Colniza en 2017 e multada reiteradamente pola máxima autoridade ambiental de Brasil por comerciar con madeira ilegal.

O Regulamento (EU) 995/2010, do Parlamento e do Consello da UE (Regulamento EUTR), polo que se establecen as obrigas dos axentes que comercializan madeira e os seus produtos establece que as empresas están obrigadas a dispoñer dun procedemento interno que analice e minimize os riscos de comerciar con madeira de orixe ilegal, Regulamento EUTR que foi incluído no ordenamento estatal no ano 2015. As dúas normas significan que as empresas están obrigadas por un sistema de Dilixencia Devida e, en Galicia, é o Goberno da Xunta de Galicia o responsable de que esta normativa se cumpra, mais da resposta á pregunta que se fixo ao director xeral de Ordenación Forestal o día 2 de maio derivouse xustamente o contrario, pois dixo que os expedientes abertos a empresas españolas poderían rematar en case nada.

Da súa resposta dedúcese que o Goberno non ten ningunha présa, incumpre a Lei de montes de Galicia de 2012 e actúa por presión polos acontecementos. O artigo 104 da Lei de montes establece que a Xunta de Galicia adoptará as medidas oportunas para evitar a comercialización da madeira e produtos derivados procedentes de talas ilegais en bosques naturais de terceiros países. Malia esta obriga legal,

 Grupo Parlamentario

o director xeral de Ordenación Forestal falou de dúbidas na aplicación do Regulamento EUTR.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Sabe o Goberno galego que significa o control e a verificación dos sistemas de Dilixencia Debida?

Pazo do Parlamento, 22 de maio de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/05/2018 10:00:33

Raúl Fernández Fernández na data 23/05/2018 10:00:39

María Luisa Pierres López na data 23/05/2018 10:00:44

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A situación provocada nos últimos anos polo asentamento definitivo da avespa velutina en Galicia está a coller uns niveis alarmantes que afectan de xeito notable ás expectativas da fauna local, froitos e principalmente na poboación de abellas melíferas.

Desde a súa aterraxe no continente europeo en 2004 a progresión expansiva desta especie acabou por achegala o norte peninsular no ano 2010 e pouco tempo despois, entre 2012\13, empezaron a detectarse na Galicia costeira. Dada a súa capacidade de adaptación e expansión, esta especie comezou a tomar carta de natureza nos concellos costeiros desde os que se está espallando por todo o territorio da nosa comunidade.

A pesar dos programas de localización e retirada de niños, estes téñense amosado como insuficientes dadas as características reprodutoras desta especie invasora. Independentemente destas accións puntuais, parece evidente que as solucións para controlar e estabilizar as poboacións de velutina pasan pola investigación para dar con fórmulas de control que non teñan efectos colaterais na fauna e na flora.

Por outra banda, en relación á Comisión de seguimento da avespa velutina non sabemos ata que punto é funcional e que se está a facer nela xa que, como comunican desde a Xunta de Galicia, “*a Comisión de seguimento da avespa velutina non é un órgano de carácter formal senón un grupo de traballo, motivo polo cal non se levantan actas das súas reunións*”. Ante esta afirmación, non cabe outra que reclamar que se levanten actas das reunións da Comisión de seguimento para tratar de facela o máis operativa posible, achegando os resultados dos debates da comisión á cidadanía en xeral e aos afectados en particular.

Grupo Parlamentario

Por iso, os deputados que asinan preguntan:

Vai a Xunta de Galicia crear unha Comisión Técnica de Seguimento da avespa velutina na que estean representados a Xunta de Galicia, a Fegamp, o Laboratorio Fitopatolóxico de Galicia e as asociacións apícolas de Galicia?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/05/2018 13:22:55

José Antonio Quiroga Díaz na data 23/05/2018 13:23:03

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García, Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentas a seguintes **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

O 17 de outubro do 2017 En Marea preguntaba á Xunta de Galicia sobre o coñecemento dos ataques á cabana gandeira por parte de osos e lobos producidos no ano 2017, con desagregación dos datos en canto a ataques do lobo e os atribuídos ao oso, o número de animais falecidos nos ataques, o número de solicitudes de axudas solicitadas, con especificación da súa aceptación ou denegación e os importes das axudas concedidas para sufragar os gastos polas perdas deses animais. Tamén se preguntaba pola incidencia destes ataques noutros animais como os cans de garda, así como a outras especies (equinos e asnaís). Tamén se solicitaba da Xunta as medidas adoptar polas visitas a núcleos de poboación polo oso e a maneira de garantir a seguridade das persoas, así como as medidas de prevención a adoptar para evitar eses ataques.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio contestaba a ditas preguntas o 7 de maio do 2018, indicando que se produciran 1.216 avisos por ataques de lobo e oso á gandería, nos que faleceran 1.403 animais.

En canto a estimación de xeito favorable das axudas, indicábase que 538 foran concedidas respecto aos ataques do lobo e 187 rexeitadas, estando 44 en estudo (sobre ataques producidos o ano pasado) e das 27 axudas por ataques do oso, 2 foran desestimadas e 25 estimadas.



O importe das axudas por danos dos lobos fora de case 260.000 euros, mentres que no caso do oso a cifra estaba fixada en 12.300 euros. Non se ofreceron datos desagregados do importe das concesións feitas en relación aos animais mortos.

De todos estes datos ofrecidos extraíse importantes consecuencias:

1.- O retraso que media entre a solicitude de axuda por ataques e a concesión, á vista está que hai 44 casos inda en estudo a mes de maio de 2018, co que 5 meses é un amplo período para a tramitación e a concesión de ditas axudas. Este é o primeiro esclavón das inxedanzas e reclamacións que o rural e profesionais da agricultura e gandería reclaman das administracións, unha axilidade na tramitación e resolución que se traduza nunha rápida compensación polas perdas sufridas.

2.- A perda sufrida en termos económicos para a persoa titular da explotación gandeira táxase en arredor de 483 euros por ataque de lobo e 492 polos ataques de oso.

Estes datos contrastan cos facilitados pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural que taxa en **2379 mortes soamente por ataques de lobos no ano 2017** fronte aos **1403 animais perdidos polos ataques en total polos ataques de oso e lobo**, que se facilitan na resposta por parte da Consellería.

Tamén se sinala por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, que no ano 2017 os ataques de lobos mataron 1288 ovellas, 242 cabras, 593 vacas e 256 cabalos, que o sector gandeiro cursou 968 solicitudes de indemnización das que se **estimaron 719** por máis de **330.00 euros**. A disparidade de cifras é evidente. 563 é a cifra nas que se concederon axudas segundo a resposta da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a este grupo parlamentar EN MAREA, fronte a 719 que manifesta a Dirección xeral de Patrimonio Natural, nas que ademais non vemos ningún can nin asno nestes datos. Ademais, como dato importante sinalar que máis da metade dos ataques se concentran na



provincia de Lugo polo que é necesario en primeiro lugar prestar especial atención as reclamacións do sector da gandería e da agricultura, resiliente á convivencia con ungulados e osos, e que está a sufrir co resto do territorio as perdas polos ataques dos animais salvaxes, entre outras e tamén facer da corresponsabilidade na conservación do medio ambiente a toda a sociedade e non facer que esta recaia exclusivamente nestes sectores coa actualización dos baremos das indemnizacións e a axilización nos pagos. A sociedade debe entender a necesidade de corresponsabilizarse no desfrute e na conservación do medio ambiente e dos predadores esixe un prezo que temos que pagar entre todas as persoas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Vistas as perdas sufridas polo sector da gandería, considera a Xunta a posibilidade de implantación dun protocolo con medidas de actuación urxentes fronte aos ataques do lobo, oso e animais salvaxes que conteñan criterios unificados de actuación, áxiles e eficaces na tramitación das indemnizacións polos ataques?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 23/05/2018 17:07:07

Antón Sánchez García na data 23/05/2018 17:07:17

Luis Villares Naveira na data 23/05/2018 17:07:24

Paula Vázquez Verao na data 23/05/2018 17:07:31



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 11:04
Nº Rexistro: 31309
Data envío: 24/05/2018 11:04:51.988

Á Mesa do Parlamento

